

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día trece de decembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro, dona María Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; e dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona María Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente, se remitiron a esta Alcaldía os expedientes que a continuación se relacionan:

- O expediente de contratación número 2019/C002/000457 remitido a esta Alcaldía correspondente á adxudicación ao licitador VS1 Producción Creativa, S.L. no prezo ofertado de 14.950,00 euros sen IVE, (18.089,50 euros IVE incluído), do “Concurso de escaparates: contratación da subministración de elementos de decoración identificativos dos establecementos, material gráfico e reparto dos elementos anteriores para a campaña de dinamización comercial de Nadal 2019/2020”.
- O expediente de contratación número 2019/C003/000009 remitido a esta Alcaldía correspondente á contratación mediante procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de

criterios de adjudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) correspondente á obra "edificio sociocultural na parroquia de Cela, lugar Pena A Igrexa-Cela. 15.660 Cambre".

A urxencia da convocatoria vén motivada porque o expediente número 2019/C002/000009 se debe iniciar mañá e que o edificio sociocultural de Cela é unha reivindicación veciñal e un compromiso das distintas corporacións ao longo dos anos.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.

2º.- Expedientes de contratación

2.1. Adjudicación ao licitador VS1 Producción Creativa, S.L. no prezo ofertado de 14.950,00 euros sen IVE, (18.089,50 euros IVE incluído), do "Concurso de escaparates: contratación da subministración de elementos de decoración identificativos dos establecementos, material gráfico e reparto dos elementos anteriores para a campaña de dinamización comercial de Nadal 2019/2020". Expediente número 2019/C002/000457

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

"Con data 25/11/2019 elaborouse pola axente de emprego e desenvolvemento local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, o documento denominado "*Especificacións aplicables á contratación da subministración e reparto de elementos de decoración identificativos dos establecementos participantes no concurso de escaparates e do material gráfico dentro da campaña de dinamización comercial do Nadal 2019/2020*", que contén a descrición dos elementos decorativos, así como dos traballos a realizar para a subministración e reparto de elementos decorativos distintivos para os establecementos participantes no concurso de escaparates e enclaves estratéxicos do concello, así como do material gráfico preciso para a campaña de dinamización comercial do Nadal, cun importe de 14.999,00 euros sen IVE, 18.148,79 euros IVE inculdo.

Con data 25/11/2019 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola axente de emprego e desenvolvemento local, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, nos que se motiva a necesidade desta contratación no desenvolvemento de campañas específicas para dinamizar o tecido comercial durante o Nadal que se veñen desenvolvendo polo Concello de Cambre desde o ano 2011, campañas cuia planificación, xestión e execución levouse a cabo desde o seu inicio a través da Axencia de desenvolvemento local, tendo en conta que segundo o artigo 3.3.a) da Lei 5/2014 do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013 de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da prestación de servizos xa establecidos, de xeito que o Concello de Cambre vén desenvolvendo actuacións de dinamización comercial na campaña do Nadal desde o ano 2003.

Para o período do Nadal 2019/2020 continúaase coa campaña de dinamización comercial do Nadal executada con éxito nas campañas anteriores, pero con actuacións diferenciadas. Continúa o informe-proposta indicando que *"Por Resolución do concelleiro delegado da Área de desenvolvemento Socioeconómico número 2272/2019 do 13 de novembro de 2019 aprobouse a actividade, condicións, programa eorramento da Campaña de Nadal, na que se contemplaba a realización de material gráfico, que inclúe : deseño de campaña, impresión de carteis, lonas, vinilos, cartas, folletos, bonos de "rasca e gaña" e elementos decorativos, que ao mesmo tempo identificarán os locais participantes no concurso de escaparates e as principais rúas comerciais, e o reparto e recollida do material descrito". Xustifícase a necesidade da contratación "para dispoñer de elementos gráficos (...) e elementos de decoración externa, que permitan publicitar e difundir a campaña de dinamización comercial do Nadal, facilitando a rápida identificación dos establecementos participantes na mesma e informando á veciñanza e aos potenciais clientes das diferentes actividades e incentivos programados, con indicación tamén das actuacións paralelas previstas, horarios e lugares de realización, que son demandados polas persoas que asisten a este tipo de actuacións, acrecentando a difusión e publicidade directa da campaña de Nadal, e con isto, contribuíndo a acadar o maior número de participantes na mesma."*

Con data do 27/11/2019 asínase polo concelleiro-delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico unha Providencia pola que se solicita á concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda que dea orde ao departamento de Secretaría-Contratación a fin de que proceda á publicación dun anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre da Plataforma de contratación do Sector Público do Estado, no que se concedan 5 días hábiles para a presentación de ofertas dende a súa publicación.

Con data do 27/11/2019 asínase Providencia pola Concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos ordenando a publicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre do anuncio solicitado, así como dos pregos de prescricións técnicas, anexos e criterios de adjudicación que constan no expediente.

Con data 28/11/2019, ás 10:59 horas, publícase no Perfil de Contratante do Concelo de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público o anuncio do expediente nº 2019/C002/000457, que contén, entre outros datos, o acceso aos seguintes documentos :

- Prego de prescricións técnicas particulares
- Providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos do 27/11/2019 Modelo de proposición
- Modelo de declaración responsable

Con data 09/12/2019 emítase informe polo técnico en promoción económica coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local en funcións , no que, rematado o prazo de presentación de proposicións, e presentada unha única oferta, propónse adjudicar o contrato menor correspondente á contratación da subministración e reparto de elementos de decoración identificativos dos establecementos participantes no concurso de escaparates e do material gráfico dentro da Campaña de Dinamización Comercial de Nadal 2019/2020 á empresa VS1 Producción Creativa, S.L., con NIF B - 7033----, domicilio no Polígono Industrial de Bergondo, rúa

Parroquia de Lubre, nave G - 15, 15165 Bergondo (A Coruña), no prezo ofertado de 14.950,00 € sen IVE, 18.089,50 € IVE incluído. Ademais, indícase no informe citado que, de conformidade co establecido na Base vixésimo sexta do orzamento de 2019, faise constar que segundo a información de que se dispón neses servizos técnicos, a empresa proposta non subscribiu máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Con data 10/12/2019 emítese polo interventor municipal informe de fiscalización nº 414/2019 – Reparo 141R.

Con data do 10 de decembro de 2019 emítese informe polo técnico en promoción económica, no que se indica entre outros extremos que, no presente suposto, se trata de novas accións, de xeito puntual e como proxecto piloto, sen visos de continuidade a priori e segundo os resultados obtidos estudárase a continuidade ou non destas actividades para, no seu caso, incluílas na vindeira Campaña de Dinamización Comercial do Nadal; engade que non existe intención algunha de fraccionar o importe do contrato coa finalidade de diminuír a contía do mesmo, xa que se trata de prestacións diferenciadas, con autonomía propia, tendo tratado o expediente coa máxima urxencia para poder realizar as actuacións previstas nunha época do ano vital para a supervivencia do comercio local.

Con data 11 de decembro de 2019 díctase a Resolución da Alcaldía nº 2515/2019 de levantamento do reparo, delegándose o expediente ao departamento de Secretaría-Contratación para emisión de informe, que se elabora pola secretaria xeral con data do 12 de decembro de 2019.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto canto antecede, tendo en conta o informe emitido con data 10/12/2019 polo técnico en Promoción Económica, así como que no presente suposto deuse publicidade á licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, isto en aras dunha maior transparencia que non é esixible nos contratos menores, por parte desta concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da

Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o documento denominado “Especificacións aplicables á contratación da subministración e reparto de elementos de decoración identificativos dos establecementos participantes no concurso de escaparates e do material gráfico dentro da campaña de dinamización comercial do Nadal 2019/2020”, pola axente de emprego e desenvolvemento local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, cun importe de 14.999,00 euros sen IVE, 18.148,79 euros IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo ás aplicacións orzamentarias 433.22699 e 433.22602

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2019/C002/000457, da subministración de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato para a subministración e reparto de elementos de decoración identificativos dos establecementos participantes no concurso de escaparates e do material gráfico dentro da Campaña de Dinamización Comercial de Nadal 2019/2020 á empresa “VS1 Producción Creativa, S.L.”, con NIF B 7033----, domicilio no Polígono Industrial de Bergondo, rúa Parroquia de Lubre, nave G - 15, 15165 Bergondo (A Coruña), no prezo ofertado de 14.950,00 € sen IVE, 18.089,50 € IVE incluído, por ser a única entidade participante na licitación e que cumpre cos criterios de valoración de prezo, calidade e seguridade dos elementos de decoración subministrados.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Designar como responsable do contrato ao técnico en promoción económica don Jose Luis González Cardalda a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese ao técnico en promoción económica, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención e á responsable da Axencia de Desenvolvemento Local municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.2. Aprobación do expediente de contratación número 2019/C003/000009 mediante procedemento aberto simplificado, (con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) correspondente á obra “edificio sociocultural na parroquia de Cela, lugar Pena A Igrexa-Cela. 15.660 Cambre”.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 12 de decembro de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con datas do 28 de maio e 25 de setembro de 2019 asináronse os catro documentos integrantes do Proxecto básico e de execución de “Edificio socio cultural na parroquia de Cela. LG Pena (suelo) A Igrexa Cela. 15660 Cambre”, elaborado polo arquitecto Colexiado don David Sarmiento Nogueira, cun orzamento de 156.876,94 € sen IVE, 189.821,10 € IVE incluído. O proxecto está integrado polos seguintes documentos:

- PBE Memoria 1, asinado o 25/09/2019
- PBE Memoria 2, asinado o 25/09/2019
- PBE Planos 1, asinado o 28/05/2019
- PBE Planos 2, asinado o 25/09/2019

O proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 10 de decembro de 2019.

Consta o informe de viabilidade urbanística emitido con data do 3 de outubro de 2019 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se recolle que a intervención se atopa no recinto de protección do cruceiro e da Igrexa de San Xoán de Cela, recollidos cos números 73 e 6 no Catálogo de Áreas e Elementos de Espacial Protección das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Cambre, e que, con data do 26/08/2019 se recibe a Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 23/08/2019 pola que se autorizan as obras de construción. Tamén se indica no citado informe que o proxecto cumpre coas

determinacións da normativa de aplicación, polo que dende o punto de vista urbanístico se considera viable.

Consta informe de conformidade e supervisión técnica a proxectos externos, emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 05/12/2019.

Consta a acta de replanteo asinada polo arquitecto municipal e máis polo redactor do proxecto con data 10 de decembro de 2019.

Consta o documento de retención de crédito emitido o 9 de setembro de 2019 pola Intervención Municipal, con cargo á aplicación 333.62201, por importe de 189.821,10 euros.

Consta o documento de prescricións técnicas elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, de data 10 de decembro de 2019, no que se xustifica a non división en lotes do contrato, e se propoñen os criterios de adxudicación.

Consta a providencia da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 11 de decembro actual, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido nos artigos 131 e 159.6 e concordantes da LCSP.

Visto o informe emitido pola Secretaria xeral e máis do interventor municipais, de data 12 de decembro de 2019, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha obra coa cal o concello pretende a construción dunha edificación destinada a uso sociocultural que dea servizo ás necesidades da veciñanza da Parroquia de Cela, co que está a cumprir coas competencias que ten atribuídas de conformidade co establecido no artigo 25.2, apartados l) e m), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (*"o municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: l) ...promoción (...) e de ocupación do tempo libre, m) promoción da cultura e equipamentos culturais"*), polo que queda debidamente xustificada a necesidade da obra para cumprir cos fins institucionais, quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido nos artigos 1, 28 e 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C003/000009, por procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, correspondente á obra "Edificio socio cultural na parroquia de Cela. LG Pena (suelo) A Igrexa Cela. 15660 Cambre", cun valor estimado de 172.564,63 € e un orzamento base de licitación de 189.821,10 € IVE incluído, isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto, por importe de 189.821,10 euros, por conta da aplicación orzamentaria 333.62201.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto : Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, e o informe emitido pola Secretaria Xeral de data 29 de outubro de 2019 en relación coa designación, composición, número de membros e limitacións na designación de membros da mesa de contratación, no presente expediente, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A Sra. concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Pan Lesta e, como suplente, o Sr. Concelleiro de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós .

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á área de urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira.

A arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, e como suplente o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal don Óscar Souto Muiño

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma



de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Setimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia